

TRATAMENTOS VARROA

Nesta circular informamos sobre os tratamentos da varroa que ofrece AGA para este ano. Lembramos que se un produto funcionou ben convén utilizalo varios anos e gardar as outras alternativas de rotación para cando comece a ter resistencias. Recomendamos o amitraz como principio activo, xa que en Galicia está funcionando ben e deixa poucos residuos, tendo en conta que sempre pode haber variacións en función das resistencias. Os produtos que menos recomendamos son o Apistan, porque xa se leva utilizando moitos anos, e o Checkmite, pois están alertando tanto dende a empresa fabricante Bayer, como dende o Ministerio de Agricultura e a Consellería de Medio Rural, sobre a falta de eficacia do produto e a creación de resistencias da varroa a esta molécula.

Para facer o pedido dos tratamentos os socios e socias deben enviarnos a ficha que se adxunta nesta circular antes do 15 de xuño. Os que xa fixeron o pedido do tratamento para o Plan Apícola non teñen que enviar a ficha pero si comunicar a AGA o lugar do recollida por teléfono ou e-mail. Só no caso de que necesiten tratamento para máis colmeas das que indicaron para a subvención si que deben enviarnos a ficha cuberta para ese tratamento a maiores.

Os apicultores/as que pidan tratamento para máis de 100 colmeas recibirán o produto no seu domicilio xunto coa receita e deberán cubrir a folla correspondente ós tratamentos cos datos que figuran na receita, non é necesario que o faga o veterinario.

PEDIDO DO TRATAMENTO VARROA 2017

Pedidos: Enviar a AGA por email ou por carta a ficha que se adxunta nesta circular

Data límite pedido: 15 de xuño

Data límite recollida e receita tratamentos subvencionados Plan Apícola: 31 de xullo.

Forma de pago: Domiciliación bancaria xunto coa cota anual. Os socios/as que non teñan a cota domiciliada deben indicarnos na ficha un nº de conta ou pagar en efectivo na sede de AGA.

Recollida do produto: O veterinario de AGA o entregará nas localidades indicadas no calendario. Os apicultores/as que pidan tratamento para mais de 100 colmeas recibirano no seu domicilio.

Atención: Os socios/as que presentaron o Plan Apícola 2017 non teñen que enviar de novo a ficha de pedido, só no caso de que necesiten máis tratamento do solicitado para a subvención. Pero si que deben comunicar a AGA o lugar de recollida do produto por teléfono ou email.

Os prezos, produtos e calendario da entrega dos tratamentos están indicados na parte de atrás desta circular, así como a ficha para enviar a AGA.

STOP VESPA VELUTINA

No mes de maio presentouse a Plataforma Stop Vespa velutina, que ten como fin de presionar á administración na asunción de competencias sobre esta problemática medioambiental que afecta a toda a sociedade. AGA e outras 30 organizacións de diferentes sectores que integran esta plataforma entregaron recentemente na Consellería de Medio Ambiente e no Ministerio de Agricultura un documento de mínimos no que se detallan as reivindicacións (pódese consultar na web de AGA).

Lembramos que no mes de febreiro a Consellería de Medio Rural entregou a AGA unha partida de trampas e atraentes para a Vespa velutina que, tal como informamos anteriormente, podían recoller os socios e socias na sede de AGA ou a través das DAGAs. Queda todavía unha parte das trampas por recoller, así que pregamos ós socios e socias que pertenzan a concellos afectados pola velutina que se poñan en contacto con AGA para recoller este material.

PRODUTOS E PREZOS

| PRODUTO | PRINCIPIO ACTIVO | Nº COLMEAS / ENVASE | PREZO |
|----------------------|---------------------------|---------------------|---------|
| APIVAR | AMITRAZ (tira de 20,5 cm) | 5 | 15,30 € |
| APITRAZ | AMITRAZ (tira de 25 cm) | 5 | 13,60 € |
| CHECK-MITE | COUMAPHOS | 5 | 21,40 € |
| APISTAN | FLUVALINATO | 5 | 18,15 € |
| THYMOVAR(ECOLOXICO) | TIMOL | 5 | 17,85 € |
| MAQS (ECOLOXICO) | ACIDO FORMICO | 10 | 61 € |

CALENDARIO DE ENTREGA

| | |
|---|--|
| CHANTADA. Cooperativa ICOS. 17 xuño, de 19 a 21 h | PONTEVEDRA. Apípolis - San Andrés de Xeve. 15 xullo, de 17 a 19 h. |
| MOAÑA. Casa Mocidade, O Rosal. 1 xullo, de 19 a 21 h. | GONDOMAR. Centro Neural. 16 xullo, de 11 a 13 h. |
| A CORUÑA. Bar Lorenzo. 7 de xullo, de 17 a 20 h. | BOIRO. Centro Cultural A Cachada. 16 xullo, de 17 a 19 h. |
| NARON. Asoc. Veciños Sedes. 8 de xullo, de 11 a 13 h. | ARZUA. Centro Queixo e Mel. 21 xullo, de 10 a 14 h. e de 16 e 18 h. |
| CARBALLO. Pazo da Cultura. 8 xullo, de 17 a 19 h. | ALLARIZ. Rúa Granxa (a carón Museo do Coiro). 22 xullo, de 11 a 13 h. |
| MONDOÑEDO. Centro Comarcal A Mariña Central (Antigo cuartel). 9 xullo, de 10 a 12 h. | CUALEDRO. Centro de Interpretación dos Castros. 22 xullo, de 17 a 19 h. |
| ORTIGUEIRA. Centro Social de San Adrián. 9 xullo, de 17 a 19 h | QUIROGA. Casa da Cultura. 23 xullo, de 11 a 13 h. |
| LALÍN. Auditorio- Conservatorio. 14 xullo, de 17 a 19h | VIANA DO BOLO. Pazo do Mel. 23 xullo, de 17 a 19 h. |
| AMOEIRO. Fundación Otero Pedrayo, Trasalba. 15 de xullo, de 11 a 13 h. | O CORGO. Local Veciños Pedrafita. 29 xullo, de 11 a 13 h. |
| | AS PONTES. Casa do Mel. 29 xullo, de 17 a 19 h. |



FICHA PEDIDO TRATAMENTOS VARROA 2017

Nome do socio/a:

Titular da explotación (no caso de que sexa diferente do socio/a):

.....

Nº REGA: Lugar de recollida:

Produto: Nº envases:

Nº de conta (só no caso de non ter a cota domiciliada en AGA):

.....

Enviar esta ficha cuberta a AGA antes do 15 de xuño

MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura

Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa) / Web: www.apiculturagalega.es

Email: info@apiculturagalega.es / Tel. 981 508 142 / 630 069 637